

JOSÉ MANUEL DOPAZO ENTENZA

ORCID: 0000-0001-6921-5016

Universidade de Santiago de Compostela 
Correo: jmdopazoentenza@gmail.com

Alteracións de [s] en coda silábica na Illa de Ons

Palabras chave: coda — sibilantes — variación e cambio lingüístico — tempo aparente.

1. Introdución

Ata hai ben pouco, a visión e estudo da lingua, en materia de variación e cambio, cinguíase á dialectoloxía, centrada na catalogación de ítems léxicos, fonéticos e morfolóxicos, contrastándoos xeograficamente. A día de hoxe continúanxe a facer estes estudos mais, dende os traballos de Labov¹, encamiñouse á análise da variación diastrática e interxeracional.

Ademais, hai que ter en conta que “a lingua é unha actividade, non é unha obra feita”, como di Kabatek². Á luz dos datos, pode percibirse como as mudanzas lingüísticas poden ter unha proxección contraria á previsible, pois o cambio “é un movemento pasivo producido pola diferenza entre dous estados calculados cuantitativamente”³.

Conforme esta premisa, o obxectivo do presente traballo é a análise do fonema fricativo non voceado [s] en posición de coda silábica, aplicando o método cuantitativo.

¹ W. Labov, “The social motivation of a sound change”, *Word*, 19, 1963, pp. 273–309; W. Labov, *The social stratification of English in New York City*, Washington DC, Center of Applied Linguistics, 1966.

² J. Kabatek, “Dez teses sobre o cambio lingüístico (e unha nota sobre o galego)”, *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*, 2017, pp. 26.

³ *Ibidem*, p. 27.

KOREKTA

Para a realización deste estudo creouse un corpus oral con falantes entre 18 e 95 anos procedentes da Illa de Ons, xa que é un espazo en que se atopan con frecuencia alteracións neste fonema. Ademais, formularemos unha perspectiva de cambio lingüístico en marcha a través de tres grupos xeracionais.

Mostraremos os datos recadados do noso propio corpus oral, achegando os resultados extraídos da súa análise e comparándooos cos dunhas gravacións feitas *ad hoc* para corroborar a fidelidade deste corpus.

2. A Illa de Ons: contexto xeográfico e histórico-social

O arquipélago da Illa de Ons, segundo os datos de Ballesteros-Arias e Sánchez-Carretero⁴ ten unha superficie de 314 ha distribuídas entre as dúas illas que o conforman (Ons e A Onza). A Illa de Ons mide 6 quilómetros de longo e entre 0,5 e 1,5 de ancho. O punto máis elevado ascende a 128 metros e nel está situado o faro e o heliporto. Este arquipélago atópase pechando a boca da Ría de Pontevedra e pertence ao concello de Bueu.

Historicamente, A Illa de Ons sufriu diversos procesos de poboamento e despoboamento. A última repoboación deuse en 1810, desde a cal estivo habitada ata a década de 1970. Naquel entón, a propiedade desta illa estaba en mans privadas e as terras estaban arrendadas ás persoas que foron vivir alá. Entrado o século XX, este territorio pasou por diversos organismos públicos ata que, en 2002, entrou a formar parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

O medio de vida tradicional foi a pesca e a agricultura ata o éxodo para terras do Salnés e do Morrazo. Hoxe en día, esta illa recibe máis de 2000 visitantes durante os meses de verán, feito que aproveitaron os seus habitantes para vivir do turismo. Alí só viven permanentemente cinco matrimonios, sendo os homes mariñeiros e as mulleres amas da casa. Tres destas parellas volven á terra durante os meses de inverno.

3. Metodoloxía e corpus

3.1. Informantes

Para a realización deste traballo, contamos coa transcripción de 32 gravacións libres de 41 falantes cunha diferenza de 80 anos entre o máis novo e o máis vello. Para estudarmos o cambio, establecemos unha división xeracional reforzada polas características lingüísticas propias da variación etaria, así como pola cohesión lingüística entre informantes de diversos perfís socio-

⁴ P. Ballesteros-Arias, C. Sánchez-Carretero, *Ons: unha illa habitada*, Santiago de Compostela, Chocosoft, 2014, pp. 11–13.

lingüísticos (vid. Anexo 1). Distinguimos, xa que logo, tres grupos de falantes: un primeiro que abrangue as persoas nacidas antes de 1959; un segundo, o das persoas que naceron entre 1960 e 1979; e, o último, o das persoas nacidas a partir de 1980⁵.

Dentro dos grupos pódese observar unha descompensación en canto ao número de persoas dun e doutro sexo. Na primeira xeración débese á falta de informantes masculinos; na segunda a dificultade de atopar homes que se prestan a ser gravados incrementa por motivos laborais; por último, na terceira a descompensación é ao revés, son as mulleres as menos representadas, e isto débese a que habitualmente as mulleres falan español e moi poucas se prestaron a falar galego para unha gravación.

Pese a todo, procuramos que tanto homes coma mulleres tivesen unha representación igual no tempo de transcripción, é dicir, igualamos o corpus co tempo de intervención dos falantes de ambos os dous性 (táboa 1). O equilibrio entre as xeracións non foi posible, dadas as dificultades para atopar informantes dos dous grupos máis novos.

Táboa 1: tempo de intervención distribuído por sexos e xeracións.

	X. PR. MENINA	X. EDO	X. ALTONA	TOTAL
HOMES	1:37:27	0:44:20	0:36:26	2:58:13
MULLERES	1:37:27	0:44:20	0:36:26	2:58:13
TOTAL	3:14:54	1:28:40	1:12:52	5:56:26

Para evitarmos esta descompensación, establecemos unha ponderación que fose inversamente proporcional ao tempo de intervención de cada unha das xeracións. Deste xeito, os datos que se recaden na primeira xeración multiplicaranse por 1.9, os da segunda por 3.9 e os da terceira por 4.7.

3.2. Gravacións e transcricións

Os tipos de gravación con que contamos son entrevistas dirixidas, conversas e monólogos de temática libre e con coñecemento por parte dos falantes de que están a ser gravados. Realizáronse entre 2011 e 2013⁶. Posteriormente, fixose unha selección baseada na distribución entre homes e mulleres e tívose en conta a calidade das gravacións (para facer más doada a transcripción). Por último, transcribíronse empregando o programa ELAN⁷.

⁵ J.M. Dopazo, *O patrimonio lingüístico e cultural da Illa de Ons: textos e estudo*. Memoria de licenciatura, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 11–15.

⁶ A maior parte dos arquivos sonoros tomáronse nestes anos, a pesar de todo, para equilibrarmos o corpus houbo gravacións que se fixeron en anos posteriores.

⁷ Programa especializado de transcripción de materiais orais (H. Brugman, A. Russel, “Anotating Multimedia/Multi-modal resources with ELAN”, en: *Proceedings of LREC 2004, Fourth International*

No que atinxo ás transcricións, seguironse os criterios da obra *A Nosa Fala*⁸ e do *Arquivo do Galego Oral*⁹, adaptando algúns criterios aos expostos no CORILGA¹⁰. Este proceso deu como resultado un compendio de 32 textos (preto de seis horas), que chega a ser unha imaxe das realizacións lingüísticas de persoas entre 18 e 96 anos.

A maiores, realizamos unha enquisa a partir dun cuestionario a base de imaxes en que tivemos en conta todos os posibles contextos ante os que pode aparecer o -s na coda silábica para obtermos gravacións de alta calidade que permiten unha análise acústica. Esta enquisa realizóuselle a dúas persoas do grupo xeracional máis vello nunha sala sen ruídos, cunha gravadora profesional Tascam DR-100MKII e un micrófono de diadema Shure SM10A.

3.3. Tratamento dos datos

No que atinxo ao tratamento dos datos, empregouse WordSmith¹¹, facendo buscas mediante concordancias de cada un dos posibles contextos que iamos estudar. Posteriormente, introducimos os datos no programa SPSS¹², que permite facer táboas e analizar datos estatisticamente. Trátase dunha análise cuantitativa. Búscase o número de casos que se dan en cada contexto e compárase ou ben cos datos totais, ou ben segundo as variables que inflúan: sexo, xeración, lingua etc.

As mostras de alta calidade están gravadas en formato WAV e foron examinadas co programa Praat 5.0¹³. Posteriormente, tratáronse os datos tanto co programa SPSS¹⁴ coma co Excel¹⁵.

Conference on Language Resources and Evaluation, 2004, <https://tla.mpi.nl/tools/tla-tools/elan/citing_elan/>, 14 de abril de 2018.

⁸ F. Fernández Rei, C. Hermida, *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*, en: Consello da Cultura Galega, 2003, <www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php>, 14 de abril de 2018.

⁹ F. Fernández Rei, *Arquivo do Galego Oral*, 2010-, <<http://ilg.usc.es/ago/>>, 14 de abril de 2018.

¹⁰ X.L. Regueira Fernández, C. García Mateo, “Criterios de transcripción”, CORILGA, 2012, <<http://ilg.usc.es/corilga/>>, 14 abril de 2018.

¹¹ Programa de busca e concordancia de resultados en archivos de texto (M. Scott, *WordSmith Tools. Version 5*, Oxford, Oxford University Press, 2008).

¹² Programa de tratamiento estadístico de datos (IBM Corp., *IBM SPSS Statistics for Windows, Version 22.0*, Armonk, NY: IBM Corp, 2013).

¹³ P. Boersma, D. Weenink, *Praat: doing phonetics by computer, versión 5.3.51.*, 2013, <<http://www.praat.org/>>, 14 de abril de 2018.

¹⁴ IBM Corp., *op. cit.*

¹⁵ Microsoft Corp., *Microsoft Office Professional Plus 2010 Excel. Versión 14.0*, Washington DC, Microsoft Corporation, 2010.

4. A coda silábica

Entendemos por coda todo aquel elemento que se atopa despois do núcleo nunha estrutura silábica. En realizacións espontáneas ou informais, nesta posición non pode aparecer unha obstruínte “coa excepción de [s] e, na maioría das falas, de [θ]; nalgúns zonas occidentais pode aparecer [ʃ]”¹⁶. Por tanto, os segmentos que podemos atopar limitáñase á seguinte listaxe: [ŋ], [f], [l], [s], [θ] e [ʃ]¹⁷. Neste traballo analizaremos os contextos de /s/ como coda silábica, así como as distintas alteracións que este elemento pode sufrir: rotacismo, aspiración, desaparición e palatalización.

4.1. Alteracións de [s] na coda silábica

No paso do latín ao galego, as consoantes en coda silábica reducíronse ata quedarmos con -n, -r, -l e -s¹⁸. Nas linguas más próximas, o portugués, o asturiano e o español, o proceso foi o mesmo. Esta mudanza dános conta do fortemente restrinxidos que están os elementos obstruíntes nesta posición. O /s/, que tamén é un fonema obstruínte, atende a procesos de lenición seguindo esta tendencia¹⁹.

En galego atopamos as mesmas debilitacións que advirte para o español Fernández de Molina²⁰, cando di que este segmento “ha sufrido [...] un proceso de debilitamiento que comienza con la aspiración de -s/ y que, en algunos casos, concluye con la elisión total del segmento”. Dentro desta debilitación debemos enmarcar tamén o fenómeno do rotacismo. Pola contra, dáse outro proceso oposto en que o /s/ se fortalece. Estamos a falar da palatalización, que no portugués *padrão* é a forma escollida para esta posición que estamos a estudar.

Atopamos escasos estudos sobre estes fenómenos, pese ás implicacións fonolóxicas que supoñen. En todo caso, as mencións feitas son, sobre todo, descripcións vagas do rotacismo ou da aspiración²¹ e unha pequena alusión á palatalización na *Dialectoloxía da Lingua Galega*²². Tamén atopamos tres

¹⁶ X.L. Regueira Fernández, “A sílaba en galego: lingua, estándar e ideoloxía”, en: R. Lorenzo (ed.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2002, p. 238.

¹⁷ Estes segmentos poden variar dependendo do elemento que os siga na cadea fónica.

¹⁸ [θ] e [ʃ] son innovacións na lingua da Illa de Ons.

¹⁹ P. Payán, “La -s implosiva: desde el remoto indoeuropeo a la Romania nueva”, *Excerpta philologica. Revista de filología griega y latina*, nº 4–5, 1995, pp. 449–469.

²⁰ E. Fernández, “El nivel social como indicador de la variación de -s/ en el habla de Mérida (Badajoz)”, *Dialectología*, 16, 2016, p. 94.

²¹ R. Álvarez, X. Xove, *Gramática da lingua galega*, Vigo, Galaxia, 2002, p. 41; X.R. Freixeiro, *Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía*, Vigo, A Nosa Terra, 2006, p. 161.

²² F. Fernández, *Dialectoloxía da Lingua Galega*, Vigo, Xerais, 1990, p. 56.

estudos sobre o rotacismo máis detallados, dous deles de Prieto Alonso²³ e un de Dubert²⁴.

É por iso que procuraremos facer unha descripción do que acontece con estes fenómenos a partir dos datos extraídos do corpus oral que creamos. Na táboa 2 mostramos os datos absolutos (á esquerda), os ponderados (no centro) e as porcentaxes (á dereita) para cada un dos grupos xeracionais e os fenómenos concretos.

Táboa 2: datos absolutos e ponderados do corpus e porcentaxes.

	Absolutos			Penderodos			Porcentaxes		
	GX1	GX2	GX3	GX1	GX2	GX3	GX1	GX2	GX3
Palatalización	144	10	0	273	39	0	2.8%	0.3%	0%
Aspiración	126	6	17	239	23	80	2.5%	0.2%	0.7%
Rotacismo	682	190	61	1291	734	287	13.0%	6.4%	2.7%
Desaparición	437	144	91	827	556	428	8.4%	4.8%	4.0%
Mantemento	3826	2622	2132	7242	10126	10019	73.3%	88.3%	92.6%

Con estos datos, imos mostrar que acontece na posición de coda silábica e veremos a mudança existente entre os tres grupos de idade establecidos. Coa táboa 3, centrarémonos nos contextos que favorecen ou impiden a aparición de cada un destes fenómenos.

Táboa 3: porcentaxes de ocorrencia por fenómeno segundo o contexto.

	B/D/G	M/N	L/LL	F	Z	S/X/R/ GH	CH	P/T/K	VOGAL	PAUSA
Palat. (%)	GX1	2	6	0	0	0	0	26	53	14
	GX2	0	0	0	0	0	0	7	79	14
	GX3	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Aspir. (%)	GX1	10	15	0	9	0	0	52	10	4
	GX2	0	46	0	49	0	0	5	0	0
	GX3	0	24	0	0	61	0	14	1	0
Rotac. (%)	GX1	28	24	16	22	0	5	5	0	0
	GX2	25	17	19	12	13	1	13	0	0
	GX3	23	40	25	9	0	2	0	0	0

²³ D. Prieto, „Notas sobre o rotacismo galego”, *Agália* 3, 1985, pp. 323–325; D. Prieto, „O rotacismo galego”, *Agália* 15, 1988, pp. 293–309.

²⁴ F.X. Dubert, “Máis sobre o rotacismo de /s/ en galego”, en: R. Álvarez Blanco, D. Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, I, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1999, pp. 367–382.

KOREKTA

	GX1	3	8	27	7	0	46	0	3	5	1
Desap. (%)	GX2	2	8	6	3	0	61	17	2	1	1
	GX3	3	5	10	5	0	75	0	1	1	1
Mant. (%)	GX1	4	4	3	5	18	3	15	15	15	17
	GX2	8	8	9	11	11	4	8	14	14	14
	GX3	10	9	9	11	11	3	12	12	12	12
	0%	ata 10	ata 20	ata 30	ata 40	ata 50	ata 60	ata 7	ata 8	ata 90	ata 100

4.1.1. Palatalización

Palatalización é o cambio fonético polo cal un fonema ou son despraza o seu punto de articulación ata a zona palatal. O latín non tiña consoantes palatais mais, no paso ás linguas romances, este tipo de consoantes comezou a aparecer. É o caso do /tʃ/, /k/, /ʃ/ etc. Neste estudo, o segmento palatalizado que nos interesa é o resultado do /s/ en posición final de sílaba. Como veremos esta palatalización dáse nuns contextos concretos.

Ao observarmos a táboa 2, decatámonos de que a palatalización é un fenómeno en claro retroceso ata o punto da absoluta desaparición no grupo xeracional 3. Á luz da táboa 3 e pese aos escasos datos do GX2, podemos afirmar que este fenómeno aparece ante oclusivas, pausa e, sobre todo, ante vogal. Os contextos manteñen correlación entre o GX1 e o GX2.

4.1.2. Aspiración

Defíñese aspiración como a expulsión de aire acompañando unha consoante. No caso que nos ocupa neste artigo, este fenómeno afecta ao /s/ final de sílaba e produce que o punto de articulación pase de ser apical a ser farinal. Por tanto, onde sería esperable un /s/, atoparemos un /h/. Este fenómeno é común en boa parte do país, mais non presenta unha distribución homoxénea, como nos indica Fernández Rei²⁵. Tamén é frecuente atopalo en linguas próximas coma o portugués²⁶ e o español²⁷.

Na táboa 2, podemos ver que este fenómeno sofre un descenso e posterior incremento en canto á variable idade. Esta curva en V, descrita por Labov²⁸ pode vir inducida polos modelos lingüísticos que teñan de referencia as persoas integrantes destes grupos.

En canto á táboa 3, o que se aprecia é unha inestabilidade, é dicir, non hai un patrón claro en canto á distribución de contextos nin, moito menos, unha

²⁵ F. Fernández, *op. cit.*, p. 57.

²⁶ L. Bisol, *Introdução a estudos de fonología do português brasileiro*, Porto Alegre, EDIPUCRS, 2006.

²⁷ E. Fernández, *op. cit.*

²⁸ W. Labov, *Sociolinguistic Patterns*, Philadelphia, University of Pennsylvania Press, 1972.

correlación entre os tres grupos xeracionais. No GX1 este fenómeno dáse ante oclusiva non voceada, inda que pode aparecer noutros contextos pero con menor incidencia. No GX2, pola contra, tanto pode aparecer ante nasal como ante fricativa labiodental. Por último, no GX3 basicamente pode darse ante fricativa interdental e, en menor medida, ante nasal e outros contextos.

4.1.3. Rotacismo

Entendemos por rotacismo o cambio de calquera consoante por /r/. Dubert²⁹ afirma que “[n]a lingüística galega chámaselle rotacismo por antonomasia a un fenómeno que consiste no cambio do segmento fricativo alveolar situado coda [sic] da sílaba polos segmentos golpeado alveolar [r] ou aproximante alveolar [ɹ]”. Habitualmente, este fenómeno ocorre ante consoantes voceadas /b/, /d/, /g/, /l/, /m/ a /n/. Este proceso non é exclusivo do galego, pois está presente en numerosas linguas, tanto románicas (español, portugués, romanés...) coma non románicas (inglés, alemán, éuscaro...).

Como vemos na táboa 2, o rotacismo é un fenómeno en claro retroceso, mais que continúa a ter incidencia mesmo no GX3. A redución entre os grupos é no primeiro estadio á metade e, no segundo estadio, un terzo do anterior.

Vendo a táboa 3, queda claro o que acabamos de comentar, que o rotacismo mostra unha continuidade en canto aos contextos propicios a este fenómeno, mostrando que os únicos contextos que impiden o rotacismo son ante oclusiva non voceada, ante pausa e ante vogal.

4.1.4. Desaparición

A desaparición contémplase xeralmente como o paso seguinte á aspiración³⁰ mais, á vista dos datos da táboa 3, parece que non hai unha correlación de contextos entre a aspiración (sen contextos estables) e a desaparición (cuns contextos más perfilados). Máis ben parece gardar relación cos contextos do rotacismo. Non podemos argüír máis cá relación co lugar que ocupa na cadea fónica, pero a tendencia apunta cara a ái.

A táboa 2 márcanos un descenso na desaparición, mais sen que esteamos ante unha posible desaparición deste fenómeno. Se nos fixamos na táboa 3, observamos que as porcentaxes e os contextos son semellantes. Cabe mencionar o que acontece ante /s/, /ʃ/, /t/ e gheada, que máis ca de desaparición deberíamos falar de crase. De aí que os índices sexan tan elevados, mesmo chegando ó 75% dos casos.

²⁹ F.X. Dubert, *op. cit.*, p. 367.

³⁰ J.A. González, “La aspiración: fenómeno expansivo en español. Su importancia en andaluz. Nuevos casos”, *CAUCE*, 16, 1993, p. 41.

4.1.5. Mantemento

Fronte ás alteracións xa vistas, atopamos a posibilidade de que ese /s/ en coda silábica non sufra ningún tipo de modificación, é dicir, que se manteña. Se seguimos o fío do acontecido nos catro epígrafes anteriores, podemos deducir facilmente que o índice de mantemento do /s/ increméntase segundo descendemos en idade.

Os datos que nos fornece a táboa 2 confirman esta primeira impresión. Os índices de /s/ aumentan nos dous últimos grupos xeracionais. Pese a que vemos que hai algúns casos máis numericamente no GX2 ca no GX3, temos que ter en conta que, proporcionalmente, o mantemento é más relevante no último grupo ca nos outros dous.

4.2. Comprobación dos datos do corpus

Como dixemos, recorremos a unha gravación realizada a dous informantes (muller e home) co fin de corroborar os datos recollidos no noso corpus en relación ao /s/ en coda silábica. Os resultados podemos veos na táboa 4, debaixo deste parágrafo.

Por unha banda, se observamos os fenómenos separadamente segundo o contexto e os comparamos cos resultados para o mesmo grupo xeracional na táboa 3, podemos concluír, coas debidas precaucións, que os datos dunha e doutra táboa son acordes. Temos que ter en conta que estes datos están ponderados, é dicir, que temos exactamente o mesmo número de casos para cada contexto, para evitarmos desaxustes nos datos.

Eses desaxustes podémolos apreciar no mantemento de /s/, por exemplo, pois a concentración de casos aquí dáse na posición ante pausa, mentres que no corpus estaban distribuídos por todos os contextos. Esta porcentaxe só mostra un feito evidente como é que, nos casos en que non hai elementos que poidan modificar este segmento, é máis probable que non sufra alteracións. Pese a todo, a propia situación final xa pode ser condicionante abondo para a alteración.

Táboa 4: porcentaxe de ocorrencia por fenómeno segundo o contexto e sexo. Gravacións enquisa.

		B/D	M/N	L/LL	F	S/X/ GH/R	CH	P/T/K	VOGAL	PAUSA
Palat. (%)	MULLER	0	0	0	0	0	12	60	28	0
	HOME	0	2	0	11	0	5	54	26	3
Asp. (%)	MULLER	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	HOME	0	73	27	0	0	0	0	0	0
Rot. (%)	MULLER	17	17	26	24	12	3	0	0	0
	HOME	36	22	14	11	17	0	0	0	0

KOREKTA

Desap. (%)	MULLER	21	22	10	14	21	12	0	0	0
	HOME	10	13	24	21	15	15	0	0	0
Mant. (%)	MULLER	13	11	0	0	5	0	0	3	67
	HOME	0	0	0	0	0	0	2	2	96
	ata 10	ata 20	ata 30	ata 40	ata 5	ata 6	ata 7	ata 8	ata 9	ata 10



Algo semellante lle acontece á desaparición. É certo que se pode atopar en todos os contextos que mostra a táboa 4 pero, en termos de probabilidade, o contexto ante fricativas distinta de /f/ para este fenómeno é o máis recorrente.

En canto á palatalización, as porcentaxes más elevadas concéntranse nas oclusivas, como acontece nos datos do corpus. O rotacismo segue os mesmos patróns expostos para a táboa 3, en que este fenómeno só se ve vetado ante oclusiva non voceada, vogal e pausa.

Por último, a aspiración continúa a ser un fenómeno altamente alternante. Non mostra ningún tipo de semellanza cos datos do corpus para a xeración que estamos a analizar. Pese a todo, podemos observar que os datos da táboa 4 para o caso do home parecen apuntar cara aos datos que se rexistran no segundo grupo xeracional. Malia todo, esta relación habería que tomala con cautela pois sería preciso un estudo más profuso.

Por outra banda, a táboa 4 permite facer un estudo comparativo entre o que acontece na fala das mulleres e dos homes, pois parece non existir un patrón igual para ambos. No caso do rotacismo, a pesar de teren un núcleo común predominante (oclusiva non voceada), o home mostra maior difusión de contextos. Ocorre exactamente o contrario co mantemento, pois é a muller a que ten maior diversidade de posibilidades neste fenómeno. O rotacismo e a desaparición, inda que con porcentaxes distintas, apuntan a unha paridade de resultados.

Xa para rematar, o caso da aspiración, como se leva mencionado todo ao longo deste traballo, é particular. Tan só se rexistra para o home e en dous contextos concretos: ante nasal e ante lateral, con predominancia do primeiro deles. Como digo, sería preciso un estudo más profundo deste fenómeno para achar sistematicidades.

5. Conclusíons

A posición de coda silábica está reducida a uns segmentos concretos. Dentro dos posibles, centrámonos no /s/ e nas alteracións que mostra na comunidade de fala da Illa de Ons. As alteracións que atopamos foron a palatalización, a aspiración, o rotacismo, a desaparición e, caso de non presentaren ningunha, o mantemento.

KOREKTA

En canto ós resultados observados, cabe dicir que existe unha tendencia relativa á distribución dos contextos en que poden aparecer estes fenómenos: palatalización ante oclusivas non voceadas, pausa ou vogal; rotacismo no resto de contextos; a desaparición aparece en contextos semellantes ó rotacismo pero con predominancia do contexto previo ás fricativas. Caso á parte é o da aspiración, pois presenta unha distribución aleatoria e sen continuidade lineal ao longo dos tres grupos xeracionais.

Por último, realizamos unha enquisa en que se buscaba ter controlados todos estes contextos para corroborar os datos do corpus. Os resultados mostran que os datos, coas debidas precaucións, concordan en gran medida. Os patróns que se observan para cada un dos fenómenos no corpus teñen a súa correspondencia tamén nos datos recollidos na enquisa. A raíz destes datos últimos, puidemos observar tendencias diverxentes entre o uso destes fenómenos por parte de homes e mulleres, que merecerían un tratamento á parte.

Referencias bibliográficas

- AGO = FERNÁNDEZ REI Francisco (dir.)
- 2010** – *Arquivo do Galego Oral*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, <<http://ilg.usc.es/ago/>>, 14 de abril de 2018.
- ÁLVAREZ BLANCO Rosario, XOVE FERREIRO Xosé
2002 *Gramática da lingua galega*, Vigo, Galaxia.
- BALLESTEROS ARIAS Paula, SÁNCHEZ CARRETERO Cristina
2014 *Ons: unha illa habitada*, Santiago de Compostela, Chocosoft.
- BISOL Leda
2006 *Introdução a estudos de fonología do português brasileiro*, Porto Alegre, EDIPUCRS.
- BOERSMA Paul, WEENINK David
2013 *Praat: doing phonetics by computer, versión 5.3.51*.<<http://www.praat.org/>>, 14 de abril de 2018.
- BRUGMAN Hennie, RUSSEL Albert
2004 “Annotating Multimedia/ Multi-modal resources with ELAN”, en: *Proceedings of LREC 2004, Fourth International Conference on Language Resources and Evaluation*, <https://tla.mpi.nl/tools/tla-tools/elan/citing_elan/>, 14 de abril de 2018.
- CORILGA = REGUEIRA FERNÁNDEZ Xosé Luís, GARCÍA MATEO Carme (dir.)
2012 – *Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, <<http://ilg.usc.es/corilga/>>, 14 de abril de 2018.
- DOPAZO ENTENZA José Manuel
2013 *O patrimonio lingüístico e cultural da Illa de Ons: textos e estudio*, Memoria de licenciatura, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- DUBERT GARCÍA Francisco Xosé
1999 “Máis sobre o rotacismo de /s/ en galego”, en: Álvarez Blanco R., Vilavedra D. (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, tomo 1, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 367–382.
- FERNÁNDEZ DE MOLINA ORTÉS Elena
2016 “El nivel social como indicador de la variación de -/s/ en el habla de Mérida (Badajoz)”, *Dialectología*, 16, pp. 93–116.

- FERNÁNDEZ REI Francisco
1990 *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais.
- FERNÁNDEZ REI Francisco, HERMIDA GULÍAS Carme
2003 *A nosa fala. Bloques e árees lingüísticas do galego*, en: Consello da Cultura Galega, <www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php>, 14 de abril de 2018.
- FREIXEIRO MATO Xosé Ramón
2006 *Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía*, A Nosa Terra, Xerais.
- GONZÁLEZ MONTERO José Antonio
1993 “La aspiración: fenómeno expansivo en español. Su importancia en andaluz. Nuevos casos”, *CAUCE*, 16, pp. 31–66.
- IBM CORPORATION RELEASED
2013 *IBM SPSS Statistics for Windows, Version 22.0*, Armonk, NY, IBM Corp.
- KABATEK Johannes
2017 “Dez teses sobre o cambio lingüístico (e unha nota sobre o galego)”, en: Regueira Fernández X. L., Fernández Rei E. (eds.), *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega. pp. 23–44.
- LABOV William
1963 “The social motivation of a sound change”, *Word*, nº 19, pp. 273–309.
1966 *The social stratification of English in New York City*, Washington DC, Center for Applied Linguistics.
1972 *Sociolinguistic Patterns*, Philadelphia, University of Pennsylvania Press.
- Microsoft Corporation
2010 *Microsoft Office Professional Plus 2010 Excel. Versión 14.0*, Washington DC, Microsoft Corporation.
- PAYÁN SOTOMAYOR Pedro
1995 “La –s implosiva: desde el remoto indoeuropeo a la Romania nueva”, *Excerpta philologica. Revista de filología griega y latina*, nº4–5, pp. 449–469.
- PRIETO ALONSO Domingos
1985 “Notas sobre o rotacismo galego”, *Agália*, 3, pp. 323–325.
1988 “O rotacismo galego”, *Agália*, 15, pp. 293–309.
- REGUEIRA FERNÁNDEZ Xosé Luís
2002 “A sílaba en galego: lingua, estándar e ideoloxía”, en: Lorenzo R. (ed.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 235–254.
- SCOTT Mike
2008 *WordSmith Tools. Version 5*, Oxford, Oxford University Press.

Variations of the syllabic coda [s] in the Isle of Ons

Keywords: coda — sibilant — linguistic variation and change — apparent time.

Abstract

The apparent-time linguistic model allows for an interesting approach to the variation in the speech community of the Isle of Ons throughout three generations in order to describe the phenomena that influence the syllabic coda [s]. For this, I have collected thirty-two transcribed recordings with a total of forty-one participants [Note to Author: 'informant' is a bad word, i.e. someone who gives information to the police].

KOREKTA

The issue which attracts my attention in this specific research is the change suffered by wheezing sounds in the syllabic coda position as this marginal place in the syllabic structure is particularly vulnerable to change. I find, therefore, a series of change processes in [s], like palatalisation, aspiration, rhotacism, crasis and disappearance. All these processes depend on social factors (age, sex, socioeconomic status and language), that define the individuals who contribute to this corpus.

This paper will focus on the use that each generation applies to each phenomenon. The results will show that the older generation presents high rates of usage of these processes, which decay as younger generations approach.

Fecha de recepción: 30.07.2018

Fecha de aceptación: 19.11.2018

KOREKTA

Anexo 1

	SEXO	NACEM./ IDADE	ESTUDOS	TRABALLO	L. INICIAL	L. HABIT.	R. ACTUAL	INTERVENCIÓN
HOME	1915-95 años	primarios	marinero	galego	galego	Bueu		0:38:46
MULLER	1924-86 años	sen estudos	casa	galego	galego	Bueu		0:02:21
MULLER	1925-85 años	sen estudos	percebeira	galego	galego	Bueu		0:10:01
MULLER	1930-82 años	sen estudos	casa	galego	galego	A Illa de Ons		0:09:09
HOME	1933-78 años	primarios	marinero	galego	galego	Bueu		0:21:05
MULLER	1942-70 años	sen estudos	casa	galego	galego	A Illa de Ons		0:08:58
MULLER	1943-68 años	sen estudos	casa	galego	galego	Beluso		0:14:11
HOME	1944-68 años	primarios	marinero	galego	galego	Cangas		0:07:17
HOME	1946-65 años	primarios	marinero	galego	galego	Beluso		0:06:25
MULLER	1946-65 años	sen estudos	casa	galego	galego	Beluso		0:15:59
MULLER	1948-63 años	sen estudos	casa	galego	galego	Bueu		0:00:55
MULLER	1948-63 años	sen estudos	percebeira	galego	galego	Bueu		0:13:22
MULLER	1948-64 años	primarios	casa	galego	galego	Cangas		0:10:19
HOME	1949-63 años	primarios	marinero	galego	galego	Bueu		0:08:32
HOME	1949-62 años	primarios	marinero	galego	galego	Cangas		0:15:08
MULLER	1949-63 años	primarios	casa	galego	galego	Portonovo		0:01:41
HOME	1950-62 años	primarios	marinero	galego	galego	A Illa de Ons		0:00:14
MULLER	1952-59 años	primarios	op. fábrica	galego	galego	Bueu		0:06:14
MULLER	1954-57 años	sen estudos	operaria	galego	galego	A Illa de Ons		0:02:59
MULLER	1959-52 años	sen estudos	casa	galego	galego	Bueu		0:01:18

Grupo Xeracional I

		HOME	1960-50 anos	medios	hostaleiro	galego	gal. e cast.	Buen	0:00:28
MULLER	1961-50 anos	primarios	casa	galego	gal. e cast.	Bueu			0:15:28
MULLER	1962-49 anos	universitarios	enfermeira	galego	gal. e cast.	Beluso			0:03:59
MULLER	1962-51 anos	primarios	casa	galego	galego	Bueu			0:04:55
MULLER	1963-48 anos	universitarios	enfermeira	galego	castelán	Cangas			0:04:47
HOME	1966-51 anos	primarios	mariñeiro	galego	galego	Bueu			0:35:42
MULLER	1968-44 anos	medios	hostaleira	galego	galego	Bueu			0:00:11
MULLER	1971-42 anos	medios	percebeira	galego	galego	A Illa de Ons			0:09:53
HOME	1973-40 anos	universitarios	hostaleiro	galego	gal. e cast.	Bueu			0:02:47
MULLER	1973-40 anos	universitarios	administrativa	galego	galego	A Illa da Arousa			0:04:13
MULLER	1974-43 anos	medios	casa	galego	gal. e cast.	Beluso			0:00:09
HOME	1976-34 anos	primarios	hostaleiro	galego	galego	Bueu			0:01:54
MULLER	1976-37 anos	primarios	percebeira	galego	gal. e cast.	Beluso			0:00:45
HOME	1979-36 anos	medios	mariñeiro	galego	galego	Cangas			0:03:29
HOME	1988-22 anos	cursa a ESO	Mariñeiro	galego	gal. e cast.	Beluso			0:07:55
HOME	1988-24 anos	primarios	Mariñeiro	galego	galego	Bueu			0:04:53
MULLER	1989-23 anos	universitarios	Estudante	castelán	castelán	Bueu			0:10:31
MULLER	1990-24 anos	universitarios	Estudante	castelán	castelán	Cangas			0:12:07
HOME	1991-20 anos	secundarios	Estudante	galego	galego	Beluso			0:00:03
HOME	1993-18 anos	bacharelato	Estudante	castelán	gal. e cast.	Bueu			0:23:35
MULLER	1993-24 anos	universitarios	Estudante	castelán	castelán	Beluso			0:13:48

Grupo Xerac. 3

Grupo Xerac. 2

KOREKTA